



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión extraordinara e urxente do 08 de xullo de 2022 (1248/1102)**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Carlos López Font  
D. Abel Losada Álvarez  
D. Jaime Aneiros Pereira  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego

**Invitado**

D. Pablo Luis Estévez Rodríguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e corenta e nove minutos do día oito de xullo de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario do Pleno, Sr. Riesgo Boluda, por ausencia da secretaria de Admón. Municipal, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(581).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos

termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**2(582).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO PATROCINIO PUBLICITARIO DO CONCERTO DE BRYAN ADAMS NO COMPLEXO DEPORTIVO DAS TRAVESAS. EXPTE. 9270/335.**

Visto o informe xurídico do 07/07/2022 e o informe de fiscalización do 08/08/2022, dáse conta do informe-proposta do 08/07/2022, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, polo concelleiro delegado de área e polo concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. Antecedentes

A entidade XQUATRO ESPECTÁCULOS, S.L. solicitou con data do 18 de Maio de 2022 o Patrocinio Publicitario do Concerto do artista Bryan Adams a celebrar o 14 de Xullo, solicitando simultaneamente a cesión de utilización do espazo do Campo de Fútbol do Complexo Deportivo das Travesas para a celebración do evento (expte. nº 9278-335).

Mediante notificación de data do 01/06/2022 con nº de saída 141214-2021, requíriuselle documentación a fin de valorar a interese da proposta. A entidade achegou a seguinte documentación:

- Memoria do evento, doc. Nº 220159814 de data 27/06/2022 (trámite 23).
- Carta de exclusividade da actuación artística de Bryan Adams para o 14 de Xullo en Vigo, doc. Nº 220132428 de data 17/06/2022 (trámite 20).
- Presuposto do patrocinio que se solicita, doc. Nº 220163131 de data 29/06/2022 (trámite 35).
- Informe de retorno publicitario (ROI) doc. nº 220169694 de data 06/07/2022, asinado por Guillermo Janeiro Alfageme con data do 06/07/2022. No que se valora en 383.655,00 € o que podería custar a contratación de espazos publicitarios que xeren unha repercusión mediática similar á proposta (trámite 92).
- Informe de valoración do ROI realizado pola entidade ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L., doc. Nº 220170251, de data 07/07/2022 (trámite 74).

O contido da proposta incluída na Memoria do evento achegada por XQUATRO ESPECTÁCULOS, S.L. xustifica a interese xeral deste patrocinio ao supoñer que o Concello de Vigo sexa o patrocinador principal da actuación artística de Bryan Adams en Vigo, que é un dos cantantes e compositores máis aclamados do rock internacional. Este patrocinio permitirá difundir de maneira especial a participación directa do Concello na organización do evento, alcanzar e desfrutar dun alto grado de notoriedade no proxecto e, resaltar a propia acción sociocultural que se desenvolve na cidade de Vigo como un dos valores de identidade da Cidade que converta a Vigo nun centro de referencia de ocio e traslade ao



## Concello de Vigo

exterior unha imaxe de cidade moderna, dinámica e participativa, así como un lugar de referencia de celebración de grandes eventos favorecendo o apoio a actividades organizadas por entidades sen ánimo de lucro ou entidades privadas que sexan de interese xeral e complementen a programación sociocultural municipal.

A prezo do contrato considérase adecuado tal e como se fundamenta no informe emitido por ECOVIGO asinado con data do 07/07/2022, doc. Nº 220170251, no que se avala o importe solicitado en base ao ROI achegado pola entidade

No expediente constan os seguintes documentos:

- Informe de necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP) asinada pola Xefa de Servizo de Festas con data do 19/05/2022 e a resolución do concelleiro delegado que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 29 de mayo 2022.
- Memoria económica, de data 29 de xuño de 2022
- Documento económico, de data 30 de xuño de 2022
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 30 de xuño de 2022
- Memoria xustificativa, de data 7 de xullo de 2022, relativa aos seguintes extremos:
  - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP)
  - Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
  - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP).
  - Xustificación do prazo de duración do contrato e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
  - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
  - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
  - Xustificación da solvencia que se esixirá ao licitador entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
  - Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP).
  - Xustificación da non necesidade de fixar un prazo de garantía (artigo 67.2.t RLCAP).
  - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
  - Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Informe do servizo de contratación do 7 de Xullo de 2022
- Prego de cláusulas administrativas do 7 de Xullo de 2022

## II. Condicións definitorias do contrato

As condicións que rexen este contrato están definidas pormiudadamente no Prego de Prescricións Técnicas Particulares, na Memoria Xustificativa e no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, ás que se fai unha remisión nesta proposta. As condicións definitorias fundamentais son as que seguen.

### II.1.- Obxecto e natureza do contrato

O obxecto deste contrato é o patrocinio publicitario do concerto de BRYAN ADAMS previsto o día 14 de Xullo de 2022 no Complexo Deportivo das Travesas de Vigo para a difusión da imaxe institucional do Concello de Vigo. O patrocinio se desenvolverá nos medios de comunicación nos que se divulgue información relativa ao evento e nas instalacións nas que se desenvolva o concerto.

### II.2.- Réxime xurídico e procedemento de adxudicación

Este contrato cualifícase como de patrocinio publicitario, de conformidade co disposto no artigo 22 da Lei 34/1988, de 11 de novembro, xeral de publicidade, e ten a consideración de contrato privado consonte ao disposto nos artigos 24 a 26 da LCSP.

Rexerase, en canto á súa preparación e adxudicación, por esta lei e as súas disposicións de desenvolvemento, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo ou, no seu caso, as normas de dereito privado, segundo corresponda por razón do suxeito ou entidade contratante. En canto aos seus efectos e extinción, rexerase polo dereito privado.

O contrato adxudicarase conforme ao procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2o LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a unha entidade determinada, XQUATRO ESPECTÁCULOS, S.L. que ten a exclusiva do evento.

A forma de tramitación do expediente será a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 da LCSP.

### II.3.- Prezo e valor do contrato

A proposta fundaméntase, entre outros aspectos, nunha identificación dos valores de identidade da propia Cidade a través dun aspecto de interese social e de carácter universal e transversal como é o ocio, o esparcemento e a música, xa que este proxecto ven a destacar o gran valor de Vigo como cidade acollidora de grandes eventos musicais de nivel nacional e internacional.

A valoración para o patrocino se fundamenta nunha serie de accións que abarcan, ademais de todos os actos propios da organización do evento na cidade, actuacións de difusión da imaxe da Cidade de Vigo na celebración do mesmo xerando un impacto económico segundo informe da mercantil “Errepetrés, Deseño e Publicidade” de data 06/07/2022, no que se detallan as prestacións que outorgaranse ao Concello de Vigo cuantificando o importe de retorno dos espazos publicitarios en 383.655,00€, os importes unitarios de valoración, aparecen desglosados no informe adxunto ao expediente.

O patrocinio desenvolve unha serie de accións de comunicación e difusión detalladas na cláusula 5 do PPTP.

A proposta para o desenvolvemento do contrato de patrocinio publicitario co Concello de Vigo, para o concerto de Bryan Adams o 14 de Xullo de 2022 en Vigo, establécese en 121.000,00 euros (ive incluído).



## Concello de Vigo

O citado importe como orzamento base de licitación considérase adecuado en relación ó obxecto do contrato e a súa estimación, correspóndese favorablemente para o Concello de Vigo como Patrocinador, xa que polo orzamento definido o Concello de Vigo non tería capacidade propia para o desenvolvemento do proxecto obxecto deste expediente.

En consecuencia, o prezo certo do contrato, en cumprimento do artigo 102 LCSP, estímase axeitado en base ao retorno que obtén este Concello na difusión da súa imaxe, como referencia na oferta sociocultural de calidade, que lle permitirá alcanzar e desfrutar dun alto grao de notoriedade nos días previos e posteriores ó evento nas diferentes insercións, ademais de que a cuantificación das mesmas exceden amplamente a cantidade finalmente aboada co contrato.

O prezo do contrato que servirá como base da negociación é dun total de 121.000,00 euros (ive incluído), sendo o importe do ive a cantidade de 21.000,00€.

Para o gasto que supón esta contratación existe consignación e financiamento suficiente con cargo á aplicación 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas para o vixente exercicio económico.

### III.-Proposta

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitirse o preceptivo informe xurídico pola Asesoría Xurídica (apartado 8 da disposición adicional 3a da LCSP), así como informe de fiscalización pola Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCSP.

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte **acordo**:

**Primeiro:** Aprobar o expediente de contratación polo procedemento **negociado sen publicidade** e tramitación **ordinaria** do contrato de patrocinio do patrocinio publicitario do concerto de BRYAN ADAMS previsto o día 14 de Xullo de 2022 no Complexo Deportivo das Travesas de Vigo para a difusión da imaxe institucional do Concello de Vigo.

**Segundo:** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 30 de Xuño de 2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do 7 de Xullo de 2022 redactado pola Xefa do Servizo de Contratación.

**Terceiro:** Autorizar o gasto polo importe base de licitación **121.000,00 euros**, sendo o valor estimado do contrato de **100.000,00 euros** con cargo a aplicación orzamentaria á aplicación 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas para o vixente exercicio económico

**Cuarto:** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

## **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(583).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA, RIDER E CATERING PARA O CONCERTO DE “CORAL CASABLANCA”. EXPTE. 9251/335.**

Visto o informe de fiscalización do 08/07/2022, dáse conta do informe-proposta do 08/07/2022, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e pola xefa do Servizo de Festas, que di o seguinte:

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística, rider e catering para o concerto de 9251-335CORALCASABLANCA (PCAP).

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 1 de xullo de 2022, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria do contrato da prestación do servizo da actuación artística da Coral Casablanca o día 15 de Xullo de 2022 no auditorio de Castrelos e dentro do programa “Vigo en Festas 2022”.*

*Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 1 de xullo de 2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do 1 de xullo de 2022 redactado pola Técnica de administración Xeral do Servizo de Contratación.*

*Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación 37.657,75 € euros, sendo o valor estimado do contrato de 33.725,41 euros con cargo a aplicación orzamentaria á aplicación 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do*



## Concello de Vigo

*programa orzamentario do Servizo de Festas para o vixente exercicio económico*

*Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”*

**Segundo.-** O 4 de xullo de 2022 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a 4 de xullo, concedéndolle un prazo de 10 días hábiles para a presentación da correspondente oferta.

**Terceiro.-** Con data 4 de xullo de 2022 4 de xullo, presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

**Cuarto.-** O 5 de xullo de 2022, reúnense a responsable do contrato, a xefa do servizo de Festas, xunto coa xefa do Servizo de Contratación, na oficina de contratación e proceden á apertura da oferta presentada polo licitador invitado a participar.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa e solicitouse ao licitador a emenda da mesma, conferíndolle ao efecto un prazo de tres días.

**Quinto.-** En data 8 de xullo de 2022 o licitador presentou a través do Rexistro electrónico do Concello de Vigo a documentación solicitada. Nesta data reúnense de novo as citadas funcionarias para cualificar a nova documentación presentada polo licitador.

Unha vez comprobada que esta é correcta, conforme ao esixido na cláusula 13.7.A) do PCAP, enténdese emendada a documentación do sobre A e admítense neste procedemento a FUNDACIÓN CORAL CASABLANCA DE VIGO.

A continuación, ábrese o “SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA. Ao abeiro do previsto na cláusula 15 do PCAP, ao haber un único licitador, non se lle outorga puntuación. Para os efectos de proceder á adxudicación do contrato, e de conformidade co previsto na cláusula 18 do PCAP, comprobouse polo Servizo de Contratación que o licitador está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (fronte ao Estado, Comunidade Autónoma e Tesourería Municipal) e fronte á Tesourería da Seguridade Social e deixouse constancia no expediente.

Segundo o previsto na cláusula 18 do PCAP, se o licitador xa achegara ao sobre A a documentación xustificativa das circunstancias as que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, a xefa do servizo xestor e a xefa do Servizo de Contratación formularán a proposta de adxudicación á Xunta de Goberno local, sen necesidade de clasificar a ofertas. Constando toda a documentación no expediente e sendo correcta, procede adxudicar este procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar FUNDACIÓN CORAL CASABLANCA DE VIGO, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á xefa do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos ás actas dos días 5 e 8 de xullo de 2022 de apertura dos sobres A e B.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

***“Adxudicar a FUNDACIÓN CORAL CASABLANCA DE VIGO, o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística, rider e catering para o concerto de CORAL CASABLANCA (9251-335) por un prezo total de 37.657,75 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 3.423,43 euros. Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.***

**ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(584).- APROBACIÓN DA PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VIGO NA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DESTINADAS Á PROMOCIÓN DE ESTILOS DE VIDA SAUDABLES A TRAVÉS**





**Concello de Vigo**

**DA CREACIÓN OU REHABILITACIÓN DE CONTORNOS SAUDABLES NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA. EXPTE. 49972/446.**

Visto o informe de fiscalización do 08/07/2022, dáse conta do informe-proposta do 08/07/2022, asinado pola xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, polo xefe da Área de Inversións, polo xefe do Servizo Xurídico Servizos Xerais, polo concelleiro de Parques, Xardíns, Comercio e Festas Especiais e polo concelleiro delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES:**

1.- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 17 de febreiro de 2022, no marco do expediente 1185/441, adopto entre outros os seguintes acordos:

- Aprobar, aos efectos de garantir a implementación das medidas que sexan necesarias en relación coa execución dos proxectos vinculados, os fondos do PLAN DE RECUPERACIÓN DE TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA - PROGRAMA NEXT GENERATION EU, a proposta organizativa que se conforma baixo o **PROGRAMA DE COORDINACIÓN MUNICIPAL, PLANIFICACIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DE PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS PRTR - PROGRAMA NEXT GENERATION EU**, de acordo coa composición e funcións establecidas no apartado II.a de a proposta de informe.
- Delegar no Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro de Fomento e Servizos a coordinación e desenvolvemento operativo do PROGRAMA MUNICIPAL DE COORDINACIÓN, PLANIFICACIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DE PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS PRTR - PROGRAMA NEXT GENERATION EU, para o que, contará co apoio do “Comité Técnico de Coordinación e Planificación” que forma parte deste plan, así como o conxunto da estrutura de goberno municipal e as áreas e servizos municipais

2.- Con data de 10 de xuño a Rede de Cidades Saudables, coa FEMP publica as BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DESTINADAS Á PROMOCIÓN DE ESTILOS DE VIDA SAUDABLE A través da CREACIÓN Ou REHABILITACIÓN DE CONTORNAS SAUDABLES NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA.

Estas axudas están destinadas a proxectos que executen as Entidades Locais para a creación ou rehabilitación de espazos saudables e contribúen a alcanzar os obxectivos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, panca VIN, compoñente 18, investimento 2 (C18.I2), financiado co Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. Así mesmo, perséguese que os proxectos participen

no logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) 11.6, 11.7, 3.4 e 3.9 recolleitos na Axenda 2030

Poderán ser beneficiarias destas axudas as Entidades Locais pertencentes á Rede Española de Cidades Saudables (RECS)<sup>3</sup> cuxa adhesión á Rede estea aprobada con anterioridade á data de publicación da Convocatoria.

Actuacións obxecto de financiamento e requisitos das actuacións.

1. En aplicación dos Convenios-Programa subscritos entre o Ministerio de Sanidade e a FEMP, segundo o previsto no Real Decreto 1070/2021, de 4 de decembro, para a realización de accións destinadas á promoción de estilos de vida saudable, poderán ser obxecto de financiamento proxectos para a creación ou rehabilitación de contornas saudables, como poden ser:

- a. Infraestruturas para a realización de actividade física ao aire libre, tanto funcional como recreativa.
- b. Infraestruturas de fomento do uso da bicicleta que, en ningún caso, mingüen o espazo destinado ao uso peonil.
- c. Rutas ou circuítos saudables, seguros e accesibles.
- d. Investimentos asimilables de creación de espazos saudables que potencien a actividade física e a saúde, así como actuacións de reorganización da repartición do espazo público a favor de camiñar e ir en bicicleta e en detrimento do vehículo motorizado privado. Entre estes investimentos atópanse a ampliación de beirarrúas, disposición de valos, a creación de zonas de xogo ao aire libre, camiños escolares seguros ou outras actuacións enmarcadas no urbanismo táctico.
- e. Actuacións para a promoción de estilos de vida saudables na infancia e a adolescencia, como o deseño de itinerarios seguros a pé e en bicicleta, a creación de espazos peonís e de xogo activo seguro ou o acougado de tráfico nos arredores de centros escolares.

Estas axudas desenvolveranse no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia obxecto de financiamento mediante os recursos financeiros derivados do Instrumento Europeo de Recuperación («Next Generation EU») e de acordo coa concesión directa do Ministerio de Sanidade á FEMP dunha subvención para reforzar a promoción de estilos de vida saudable mediante a creación ou rehabilitación de contornas saudables.

A dotación máxima global da Convocatoria é de 11.640.000,00 €. Esta dotación corresponde aos Convenios-Programa subscritos entre o Ministerio de Sanidade e



## Concello de Vigo

a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), para os exercicios 2021 e 2022, no ámbito do Real Decreto 1070/2021, de 4 de decembro de 2021

O prazo de presentación de solicitudes será de 30 días naturais a partir do día seguinte á data de publicación das Bases Reguladoras e Convocatoria na páxina web da Rede Española de Cidades Saudables (<http://recs.es/>). Último día de presentación solicitudes: 10 de xullo de 2022 (23:59 horario peninsular)

Nesta Convocatoria cada Entidade Local poderá presentar un máximo de 2 solicitudes, ás que deberá asignar unha orde de prioridade: 1, 2. Considerando como máis prioritaria a solicitude indicada con “prioridade 1”.

Cuantía máxima de subvención por proxectos:

<b>Tipo de entidade por número de habitantes</b>	<b>N.º máximo solicitudes</b>	<b>Axuda mínima por solicitude</b>	<b>Axuda máxima por solicitude</b>
Superior a 100.000	2	5.000,00 €	120.000,00 €

A presentación de solicitudes realizarase de forma telemática a través da web da Rede Española de Cidades Saudables (<http://recs.es/>) por parte da entidade solicitante, a través da plataforma habilitada ao efecto.

Ao formulario de solicitude, no que se indicarán os datos da entidade e do proxecto, acompañarase a documentación indicada no artigo 14 das Bases Reguladoras.

Os solicitantes responsabilizaranse da veracidade da información recollida nos documentos que presenten.

Todos os proxectos deberán incluír accións de comunicación que contribúan a informar e difundir os beneficios e resultados dos proxectos. Os custos relativos á realización materiais de promoción e difusión claramente vinculados ao cumprimento do obxecto do proxecto. Aplicándose criterios de proporcionalidade e asegurando que a contía empregada non poña en perigo o cumprimento do obxecto que corresponda, polo que non poderán superar o 3 % do custo total da axuda.

## **II.- PROPOSTA PARA A CONFORMACIÓN DOS PROXECTOS A PRESENTAR POLO CONCELLO DE VIGO:**

Á vista dos condicionantes técnicos da convocatoria e tendo en conta os diversos proxectos nos que se esta traballando o Concello de Vigo e de acordo coa información facilitada polos distintos servizos municipais, proponse a presentación dos seguintes proxectos:

### **PROXECTO PRIORIDADE 01: RENOVACIÓN DO PARQUE CAMILO JOSÉ CELA**

As actuacións incluídas no presente Proxecto encádranse dentro dunha intención modernización de espazos urbanos, levadas a cabo polo Concello de Vigo, en distintas áreas consolidadas da cidade de Vigo e promover cambios e melloras nas infraestruturas de espazos saudables das que gozan os cidadáns.

Esta actuación esta destinada directamente ao obxectivo de “accións para reforzar a prevención e promoción da saúde” , facilitando coa renovación integral desta infraestrutura a “promoción de hábitos de vida saudable mediante a creación ou rehabilitación de espazos saudables”.

O concello de Vigo ten a intención de dotar un gran espazo de xogos infantís, dúas zonas dedicadas aos deportes recreativos (unha pista deportiva recreativa e unha zona con elementos de fitness de última xeración) e unha área de descanso repartidos polo parque Camilo José Cela, que actualmente se atopa deteriorado e sen uso debido ao seu estado pouco atractivo e semiabandonado.

O título do Proxecto é " RENOVACIÓN DO PARQUE CAMILO JOSÉ CELA", e foi contratada a súa redacción á mercantil PARRILLA INGENIERIA E CONSTRUCCIÓN. Neste proxecto inclúense, ademais, a subministración e instalación dun novo mobiliario, os planos nos que se detalla o estado definitivo proposto, un prego de prescricións particularizado para os materiais e actividades que se van a desenvolver e un orzamento no que se valoran todas as actuacións necesarias.

O obxecto do proxecto é conseguir un espazo lúdico deportivo e de lecer diferente aos existentes na cidade e con capacidade suficiente para o barrio, cun carácter único e singular e cunha ampla capacidade de usuarios. O espazo creado ha de ser atractivo e seguro para os nenos.

Ten unha superficie aproximada de 4.000m<sup>2</sup> repartidos en dous niveis con acceso desde as rúas Torrecedeira, Pi e Margal e Juan Ramón Jiménez.

Renovaranse catro zonas: Parque infantil, pista deportiva, zona fitness e merendero, cunha superficie total de 1000 m<sup>2</sup>.



## Concello de Vigo

Instalarase un pavimento de amortiguación acorde ao novo e ampliado espazo de xogos. Será pavimento continuo para a zona infantil que, no seu deseño terá un elevado número de elementos inclusivos.

A entrada da zona de xogos terán un antican para evitar que os cans accedan ao interior do parque e contará cun valado. Ademais, a zona do parque, pista deportiva e zona fitness disporán do seu correspondente cartel indicativo.

Todos os xogos han de garantir a seguridade do seu uso cumprindo estritamente o establecido nas normas UNE -EN 1176 e o pavimento cumprir o establecido na norma UNE-EN 1177.

Baseando a procura dos materiais no respecto ao medio ambiente.

En resumo, búscase a renovación e modernización do ámbito, para mellorar a calidade urbana.

Ofrecendo así, unha imaxe renovada e actual da cidade, acorde coa nova contorna que a rodea.

En conclusión, o obxectivo primordial do proxecto é a renovación desta área abandonada, recuperándoa para a cidade e os seus cidadáns, dándolle un novo uso e aproveitamento como espazo lúdico e de lecer para os nenos e dotándoo dunha serie de xogos e mobiliario modernos e singulares.

Consta no expediente informe o Xefe da Oficina de Supervisión de proxectos e Asistencia Municipal de que a parcela correspondente ao proxecto “RENOVACIÓN DO PARQUE CAMILO JOSÉ CELA”, consta como propiedade de titularidade municipal co n.º 147 “PARQUE CAMILO JOSÉ CELA” no epígrafe I Bens inmobles - Viarios do Inventario de Bens e Dereitos en Vigo.

RESUMO DE ORZAMENTO DA RENOVACIÓN DO PARQUE CAMILO JOSÉ CELA , de acordo co proxecto redactado polo Enxeñeiro Industrial Carlos Gustavo Grella.

Actuacións xerais do parque	8.500,00 €
Total novo parque	158.010,75 €
Área merendero	4,963,35 €.
Area Fitness	44.931,48 €
Area Pista deportiva	22.331,40 €
<b>Total renovación parque</b>	<b>238.736,98 €</b>
IVE	50.134,77 €
<b>Total con IVE</b>	<b>288.871,75 €</b>

Para a execución desta actuación o Concello de Vigo realizará a contratación dos servizos técnicos externos para os traballos de asistencia técnica para a supervisión e seguimento da execución do proxecto, así como para os traballos

de coordinación de seguridade e saúde. A estimación máxima dos custos destas asistencias técnicas estímase en 10 .285,00 € (IVE incluído).

### **PROXECTO DE COMUNICACIÓN:**

Atendendo ás condicións establecidas na convocatoria, todos os proxectos deberán incluír accións de comunicación que contribúan a informar e difundir os beneficios e resultados dos proxectos.

En base a este requisito a proposta de comunicación, ademais do cumprimento das obrigacións de comunicación en relación á aplicación dos logos obrigatorios vinculados a todos os programas do PRTR financiadas a través do instrumento Europeo de Recuperación «Next Generation EU» establece as seguintes actuacións específicas:

- Díptico informativo sobre os valores dunha vida saudable en relación ao novo Parque Camilo Jose Cela.
- Micro-Vídeo sobre o novo parque Camilo Jose Cela para a súa emisión nas redes sociais.
- Edición dun documento resumen da actuación para a divulgación do proxecto.

Para a execución deste plan de Comunicación estímase un custo de 3.600,00 € (IVE Incluído)

RESUMO GLOBAL DO PROXECTO PARA A SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á FEDERACIÓN DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEMP) PARA A EXECUCIÓN DA CITADA ACTUACIÓN, NO MARCO DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓN DA C18.I2 DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADAS A través DO INSTRUMENTO EUROPEO DE RECUPERACIÓN «NEXT GENERATION EU»

### **Desglose de custos de acordo á convocatoria:**

Comunicación e difusión	2.955,00
	€
Obras	58.560,03
	€
Persoal (contrato específico)	
Servizos profesionais independentes.	8.500,00 €
Subministracións e equipamentos	180.176,95
	€
TOTAL PROXECTO	250.191,98
	€
IVE	52.540,32
	€



**Concello de Vigo**

TOTAL CON IVE 302.732,30  
€

**SUBVENCIÓN SOLICITADA 120.000,00**  
€

**Importe a financiar polo Concello 182,732,30**  
€

### **CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN:**

**PROYECTO: PRIORIDADE 1: RENOVACIÓN DO PARQUE CAMILO JOSÉ CELA**

<b>PRAZO PREVISTO DE EXECUCIÓN</b>	<b>3 MESES</b>		
------------------------------------	----------------	--	--

### **PREVISIÓN DE DESENVOLVEMENTO POR ETAPAS**

1	Aprobación do Proxecto de Execución polo órgano competente.		21/07/2022
2	Adxudicación da obra.	22/07/2022	20/12/2022
5	Acta de reformulo e inicio da obra.		20/01/2023
6	Certificado Final de Obra (CFO)		20/04/2023
7	Acta de recepción da obra sen observacións.		20/05/2023

### **PROXECTO PRIORIDADE 02: PROXECTO DE RENOVACIÓN E INSTALACIÓN DO PARQUE INFANTIL "A RECONQUISTA" NO BERBÉS**

A actuación incluída no presente Proxecto teñen como obxectivo a modernización de espazos urbanos, levada a cabo polo Concello de Vigo, en distintas áreas consolidadas da cidade de Vigo, máis concretamente nos espazos dedicados a parque infantil.

O título do Proxecto é "RENOVACIÓN E INSTALACIÓN DO PARQUE INFANTIL "A RECONQUISTA" NO BERBÉS", e foi contratada a súa redacción á Arquitecta Estefanía Vázquez Martínez.

Esta actuación esta destinada directamente ao obxectivo de "accións para reforzar a prevención e promoción da saúde" , facilitando coa renovación integral desta infraestrutura a "promoción de hábitos de vida saudable mediante a creación ou rehabilitación de espazos saudables".

A Praza do Berbés conta cun deses parques infantís, de reducidas dimensións e situado na rúa Ribeira do Berbés de forma provisional, nun espazo central que foi ideado para eventos multitudinarios.

Por todo isto, recolocarase e substituirá o parque infantil nun espazo próximo e de maiores dimensións.

O antigo parque infantil será retirado polo Concello de Vigo, unha vez estea operativo o parque do presente proxecto.

Situada no extremo Noroeste da Praza do Berbés, no límite coa Avda. de Beiramar e a Rúa San Francisco, o recinto que hoxe se usa como pista deportiva, atópase en estado degradado e semiabandonado.

O título do Proxecto é "**RENOVACIÓN E INSTALACIÓN DO PARQUE INFANTIL "A RECONQUISTA" NO BERBÉS**". Nel inclúense, ademais, a subministración e instalación de xogos infantís e mobiliario urbano, os planos nos que se detalla o estado definitivo proposto, un prego de prescricións particularizado para os materiais e actividades que se van a desenvolver e un orzamento no que se valoran todas as actuacións necesarias.

**OBXECTIVOS:** O Concello de Vigo pretende dotar cunha gran área de xogos infantís, á zona do centro histórico e contorna do Berbés, para dar servizo á crecente demanda da poboación máis nova. O obxecto do proxecto é conseguir un espazo de lecer diferente aos existentes na cidade e con capacidade suficiente para o barrio, cun carácter único e singular e cunha ampla capacidade de usuarios.

O espazo destinado ao parque forma parte da praza do Berbés (superficie total 9.140,00 m<sup>2</sup>), ten unha superficie aproximada de 513.41m<sup>2</sup> e acceso desde a propia praza, pola Rúa San Francisco ou pola Avenida de Beiramar. A superficie está á cota de 5.5 metros sobre o nivel do mar.

Renovaranse os elementos arquitectónicos existentes e adaptaranse ao novo uso; o espazo creado ha de ser atractivo e seguro para os nenos.

Instalarase un pavimento de amortiguación acorde ao novo espazo de xogos. Será pavimento continuo para a zona infantil, que no seu deseño terá múltiples elementos inclusivos.

A entrada á zona de xogos terá un "anticán" para evitar que os cans accedan ao interior do parque e contará cun valado a modo de barreira para permitir, xunto coas bancadas perimetrales existentes, que os nenos entren e saian seguros do recinto por un único punto de acceso. Ademais, a zona do parque disporá do seu correspondente cartel indicativo.

Todos os xogos han de garantir a seguridade do seu uso cumprindo estritamente o establecido nas normas UNE -EN 1176 e o pavimento cumprirá o establecido na norma UNE-EN 1177.





## Concello de Vigo

Baseando a procura dos materiais no respecto ao medio ambiente

Búscase a renovación e modernización do ámbito, para mellorar a calidade urbana. Ofrecendo así, unha imaxe renovada e actual da cidade, acorde coa contorna que a rodea e en servizo a leste. En conclusión, o obxectivo primordial do proxecto é a renovación desta área degradada, recuperándoa para a cidade e os seus cidadáns, dándolle un novo uso e aproveitamento como espazo lúdico e de lecer para os nenos, dotándoo dunha serie de xogos e mobiliario modernos e singulares

Consta no expediente informe o Xefe da Oficina de Supervisión de proxectos e Asistencia Municipal de que a parcela indicada intégrase na "PRAZA DO BERBÉS" que CONSTA COMO PROPIEDAD DE TITULARIDADE MUNICIPAL co Nº 4062 do epígrafe I Bens inmobles - Viarios do Inventario de Bens e Dereitos actualmente en fase de revisión e actuación pendente de aprobación.

RESUMO DE ORZAMENTO DO PROXECTO DE RENOVACIÓN E INSTALACIÓN DO PARQUE INFANTIL "A RECONQUISTA" NO BERBÉS - Memoria económica redactada por a Arquitecta Estefanía Vázquez Martínez.

OBRA CIVIL	5.300,00 €
XOGOS INFANTÍS	217.527,00 €
MOBILIARIO CERRAMENTO E CARTEIS	26.420,00 €
PAVIMENTOS	35.748,00 €
ILUMINACIÓN	6.900,00 €
PINTURA	2.560,00 €
CERTIFICACIÓNS	400,00 €
SEGURIDADE E SAÚDE	1.500,00 €
XESTIÓN DE RESIDUOS	2.800,00 €
<b>Total renovación parque</b>	<b>299.155,00 €</b>
IVE (21%)	62.822,55 €
<b>TOTAL con IVE</b>	<b>361.977,55 €</b>

Para a execución desta actuación o Concello de Vigo realizará a contratación dos servizos técnicos externos para os traballos de asistencia técnica para a supervisión e seguimento da execución do proxecto, así como para os traballos de coordinación de seguridade e saúde. A estimación máxima dos custos destas asistencias técnicas estímase en 10 .285,00 € (IVE incluído).

### **PROXECTO DE COMUNICACIÓN:**

Atendendo ás condicións establecidas na convocatoria, todos os proxectos deberán incluír accións de comunicación que contribúan a informar e difundir os beneficios e resultados dos proxectos.

En base a este requisito a proposta de comunicación, ademais do cumprimento das obrigacións de comunicación en relación á aplicación dos logos obrigatorios vinculados a todos os programas do PRTR financiadas a través do instrumento Europeo de Recuperación «Next Generation EU» establece as seguintes actuacións específicas:

- Díptico informativo sobre os valores dunha vida saudable en relación ao novo Parque Camilo Jose Cela.
- Micro-Vídeo sobre o novo parque Camilo Jose Cela para a súa emisión nas redes sociais.
- Edición dun documento resumen da actuación para a divulgación do proxecto.

Para a execución deste plan de Comunicación estímase un custo de 3.600,00 € (IVE Incluído)

RESUMO GLOBAL DO PROXECTO PARA A SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á FEDERACIÓN DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEMP) PARA A EXECUCIÓN DA CITADA ACTUACIÓN, NO MARCO DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS DA C18.I2 DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADAS A través DO INSTRUMENTO EUROPEO DE RECUPERACIÓN «NEXT GENERATION EU»

**Desglose de custos de acordo á convocatoria: PROXECTO DE RENOVACIÓN E INSTALACIÓN DO PARQUE INFANTIL "A RECONQUISTA" NO BERBÉS**

Comunicación e difusión	2.955,00	€
Obras	55.208,00	€
Persoal (contrato específico)		
Servizos profesionais independentes.	8.500,00	€
Subministracións e equipamentos	243.947,00	€
		€
	TOTAL PROXECTO	310.610,00
		€
	IVE	65.228,10
		€
	TOTAL CON IVE	375.838,10
		€
	<b>SUBVENCIÓN SOLICITADA</b>	<b>120.000,00</b>
		€
	<b>Importe a financiar polo Concello</b>	<b>255.838,10</b>



**Concello de Vigo**

€

### **CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN:**

**PROYECTO: PRIORIDADE 2: RENOVACIÓN E INSTALACIÓN DO PARQUE INFANTIL "A RECONQUISTA" NO BERBÉS**

<b>PRAZO PREVISTO DE EXECUCIÓN</b>	<b>3 MESES</b>		
------------------------------------	----------------	--	--

### **PREVISIÓN DE DESENVOLVEMENTO POR ETAPAS**

1	Aprobación do Proxecto de Execución polo órgano competente.		21/07/2022
2	Adxudicación da obra.	22/07/2022	20/12/2022
5	Acta de reformulo e inicio da obra.		20/01/2023
6	Certificado Final de Obra (CFO)		20/04/2023
7	Acta de recepción da obra sen observacións.		20/05/2023

### **III.- DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA QUE DEBE ACOMPAÑAR A CADA SOLICITUDE.**

Xunto ao formulario de solicitude, no que se indicarán os datos da entidade e do proxecto, acompañarase a seguinte documentación:

- Certificación relativa á representación legal ou persoa na que se delegue.
### **IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica incorporada ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

Sendo patentes as necesidades de persoal nun colectivo tan esencial para o servizo público como é o asignado á actividade de extinción de incendios e salvamento, e sendo un feito certo que a normativa vixente permite a xubilación anticipada voluntaria dos funcionarios do dito colectivo (co impacto que elo supón na xestión de plantillas) considérase que no expediente queda suficientemente acreditada a necesidade de nomeamento obxecto de proposta.

### **V. - Proposta de gasto:**

Segundo consta no informe técnico incorporado ao expediente:

“O custo anual que figura no Capítulo I do Orzamento de Gastos, aprobado polo Pleno do Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada el 22 de diciembre de 2021, para o posto cod. 132-Bombeiro/a, para o exercicio 2022 e de 36.485,10 €, distribuído nas seguintes partidas orzamentarias: 120.0400 (soldo base, por un importe anual de 9.358,00 €), 121.0004 (complemento de destino, por un importe anual de 5.471,90 €), 121.0104 (complemento específico por un importe anual de 21.655,20€) e, 160.00.00 (Seguridade Social a cargo empresa por un importe anual de 13.662,24 €).

En consecuencia, o custo para 6 prazas de bombeiro para seis meses que restan do ano 2022, sería:

S.Base	CD	CE	S.social empr.	Total
28.074,00	16.415,70	64.965,60	40.986,72	150.442,02

.”

Efectuándose unha remisión expresa ao contido dos informes técnicos obrantes no expediente-coa salvedade de inaplicabilidade da previsión da figura do funcionario interino en prácticas en atención ao razoamento xurídico exposto-, solicítase expresamente que os aspectos indicados no mesmo respecto das previsións e impacto nos orzamentos se contemple de xeito claro e específico no preceptivo informe de fiscalización.

#### **VI. - Verificación de existencia de aspirantes en listas de reserva:**

Segundo informe administrativo de verificación (trámite 24 do expediente) consta o seguinte:

- *“Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Bombeiros e Condutores Bombeiros, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.*
- *Que verificadas as listaxes indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como Bombeiros con cargo a praza vacante a: D. Rodríguez Lobo con DNI: \*\*\*7423\*\*, a D. Fernández Costas con DNI: \*\*\*9612\*\*, a A. Corbacho Rodríguez con DNI: \*\*\*8476\*\*, a A. Peleteiro Rey con DNI: \*\*\*8135\*\*, a E. Millán García con DNI: \*\*\*8890\*\* e a Á. Maquieira Fernández con DNI: \*\*\*0828\*\*, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.*

*De todo o cal, e suxeito á verificación técnica, se deixa constancia aos estritos efectos do presente expediente electrónico.*

Os aspirantes interesados e dispoñibles aceptaron expresamente o nomeamento interino ofertado mediante escritos incorporados ao expediente, acreditando documentalmete o cumprimento dos requisitos esixidos pola normativa vixente e das demais condicións necesarias para o desempeño do posto, verificados pola oficina administrativa.

#### **VII.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA**

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:



## Concello de Vigo

*“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.*

*2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:*

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

### **VIII. - ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE:**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Decreto da Excm. Alcaldía de 16/04/2021 e por acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021.

### **IX.- PROPOSTA DE ACORDO**

**“PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento de 6 funcionarios interinos con obriga de superación de curso preceptivo teórico-práctico, nos termos e condicións seguintes:

- *Categoría profesional: 6 Bombeiros (subgrupo C2) .*
- *Modalidade legal: funcionario interino para a cobertura de praza vacante (artigo 10.1, letra a) do TREBEP) establecendo a obriga de realización de curso preceptivo de carácter teórico-práctico consonte ao previsto no Real Decreto 456/1986, do 10 de febreiro, modificado polo Real Decreto 213/2003, do 21 de febreiro.*
- *Destino: Área de Seguridade, Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento.*
- *Período temporal: o presente nomeamento realízase suxeito a condición resolutoria, consistente na obriga de superación inescusable do curso teórico-práctico establecido pola xefatura do servizo de destino. De acreditarse a non superación, procederá a declaración do cese no percibo de retribucións correspondentes ao abeiro do previsto no artigo 3 do Real Decreto 456/1986, do 10 de febreiro,*

*modificado polo Real Decreto 213/2003, do 21 de febreiro. Unha vez acreditada a superación do curso, procederase a acordar, polo órgano competente e previa proposta ao efecto, a percepción das retribucións correspondentes aos funcionarios interinos ata a provisión definitiva da praza e en todo caso por un máximo de 3 anos, consonte ao establecido no artigo 10.1, letra a) e 10.4 do TREBEP.*

- *Custe económico: o asociado ás 6 prazas vacantes de bombeiro no cadro de persoal orzamentario dos Orzamentos Municipais para o exercicio económico 2022.*

*Todo elo consonte aos informes e proposta de acordo emitidos e incorporados na tramitación administrativa do expediente electrónico obxecto de aprobación.*

**SEGUNDO:** *Nomear como funcionarios interinos suxeitos á obriga inescusable de superación de curso preceptivo de carácter teórico-práctico, con cargo ás 6 prazas vacantes de bombeiro indicadas, co límite temporal máximo de 3 anos nos termos e condicións do establecido no artigo 10.4 do TREBEP, así como das condicións e obrigas establecidas no apartado primeiro do presente acordo, na súa condición de aspirantes incorporados en lista, e de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo -segundo os datos proporcionados polo programa informático do servizo de Administración Electrónica- ás seguintes persoas:*

*-Categoría profesional de Bombeiro:*

- *D. Rodríguez Lobo con DNI: \*\*\*7423\*\* (vacante que se incluírá na OEP 2022),*
- *D. Fernández Costas con DNI: \*\*\*9612\*\* (vacante incluída na OEP 2021),*
- *A. Corbacho Rodríguez con DNI: \*\*\*8476\*\* (vacante incluída na OEP 2021),*
- *A. Peleteiro Rey con DNI: \*\*\*8135\*\* (vacante incluída na OEP 2021),*
- *E. Millán García con DNI: \*\*\*8890\*\* (vacante incluída na OEP 2020),*
- *Á. Maqueira Fernández con DNI: \*\*\*0828\*\* (vacante incluída na OEP 2020),*

**TERCEIRO:** *Dispoñer que a xornada laboral dos efectivos nomeados interinamente suxeitos á obriga de realización de curso teórico-práctico desenvolverase no horario establecido pola Xefatura da Área ou Servizo, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes, debendo considerar as peculiaridades que na prestación do servizo se derivan da singular condición do servizo de prevención e extinción de incendios e salvamento*





## Concello de Vigo

**CUARTO.-** *Dispoñer que pola Concellería-delegada competente en materia de persoal se proceda a resolver a creación da Comisión de Avaliación do curso teórico práctico a realizar polos aspirantes nomeados, así como á designación dos seus membros, e cuxa actividade deberá rematar con comunicación da relación de funcionarios interinos que acrediten a superación do curso preceptivo.*

**QUINTO.-** *Notificar o presente acordo aos aspirantes nomeados, Xefatura da Área e Servizo de destino, Concellería-delegada da Área de encadramento do ámbito de destino, Intervención Xeral Municipal, inspección de persoal, persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, persoal do Programa de Modernización e Mellora na xestión da Área de Recursos Humanos e Formación, e ao Comité de Persoal aos efectos oportunos.*

*Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”*

### **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6.- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUNHA TRABALLADORA SOCIAL PARA O SERVIZO DE IGUALDADE. EXPTE. 40093/220.**

Visto o informe de fiscalización do 07/07/2022, dáse conta do informe-proposta do 05/07/2022, asinado pola técnica de Admon. Xeral, pola xefa de Área de RR HH e Formación e pola concelleira-delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

**I.-** Mediante escrito que obra unido ao expediente, asinado pola xefatura de Igualdade conformidade da concellería delegada competente, se solicita á área de recursos humanos e formación, 1 persoa coa categoría profesional de diplomada en Traballo Social.

**II.-** Analizada a solicitude, en data 23/06/2022 procédese á incoación de expediente.

**III.-** Vista a documentación obrante no expediente e segundo consta no informe de verificación administrativa, 1 persoa acepta o nomeamento e está en condicións de ser nomeada.

**IV.-** Consta no expediente informe técnico que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

**V.-** En consecuencia, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

### **I.- Normativa de aplicación:**

-Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:  
“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:



## Concello de Vigo

"FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública." A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución."

### **II.- Nomeamento de funcionarios interinos por acumulación de tarefas:**

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concorra algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa "**el exceso o acumulación de tarefas por plazo máximo de nueve meses, dentro de un periodo de dieciocho meses**" (letra d) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que "los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad y celeridad,

y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera.”

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, apartado 3, letra c) pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, **sen dereito a compensación algunha**. Ademais a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma.

Os funcionarios interinos percibirán as retribucións básicas e complementarias asociadas ao posto de traballo de destino; no caso da modalidade de nomeamento por acumulación de tarefas, tómase como referencia a analoxía coas prazas (retribucións básicas) e postos de traballo (retribucións complementarias fixas e periódicas) da categoría profesional ofertada, no marco do establecido na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 20.09.2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade; referencia que, no presente suposto e segundo o informe técnico emitido, tómase conforme ao posto de traballo de diplomado/a en Traballo Social (código retributivo 81) por un período máximo de 9 meses.

Así mesmo, e consonte á instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

### **III.- Observacións respecto da xornada e horario**

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre



## Concello de Vigo

xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes.

### IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica unida ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

Vista a documentación obrante no expediente e segundo consta no informe de verificación administrativa, 1 persoa está en condicións de ser nomeada por presentar correctamente a documentación e aceptar o nomeamento.

### V. - Proposta de gasto:

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica emitido ao expediente, o custe do efectivo proposto por un período de 9 meses é o seguinte:

Cod Rtb	Posto	Nº	Periodo	Imp. Retrib. fixas	Imp. Seg Social
81	Diplomado/a en Traballo Social	1	6 meses 2022	20.439,53	5.387,34
			3 meses 2023	10.475,26	2.761,01
			9 meses	<b>30.914,79 €</b>	<b>8.148,35 €</b>

O custo dos referidos nomeamentos imputarase a aplicación orzamentaria 920.0.140.0000 do orzamento do exercicio 2022 no que respecta a retribucións por importe de 20.439,53 € e por importe de 10.142,16 € para o 2023 e a aplicación orzamentaria 920.0.160.0099 no que respecta aos custes da seguridade social para o ano 2022 por importe de 5.387,34 € e para o 2023 por importe de 2.747,54 €.

Indícase que para o cálculo dos importes do 2023 aplicouse un incremento do 2,5%.

## **VI. - Verificación de existencia de aspirantes en listas de reserva:**

Segundo informe administrativo de verificación consta que:

- Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Diplomado/a Traballo Social, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.
- Que verificadas as listaxe indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como Diplomado/a en Traballo Social a, E. Decabo Quintela con DNI \*\*\*9896\*\*, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

## **VII.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA**

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.
- c) La intervención material del pago.
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

## **VIII.- COMPETENCIA**



## Concello de Vigo

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da Xefa da área de Recursos Humanos e Formación e da Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal (delegacións competenciais por Decretos da Alcaldía do 16/04/2021 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021), elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

### PROPOSTA DE ACORDO

“**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento de 1 funcionarios/as interinos/a nos termos e condicións seguintes:

- Categoría profesional: diplomado/a en Traballo Social
- Modalidade legal: funcionario interino por acumulación de tarefas (artigo 10.1, letra d) do TREBEP).
- Destino: Igualdade
- Período temporal: 9 meses, expirando a vixencia do nomeamento ao remate sen dereito a compensación algunha (artigo 10.3, letra c) do TREBEP).
- Custe económico: 39063,14 € desglosados segundo informe técnico de data 27/06/2022:

Cod Rtb	Posto	Nº	Periodo	Imp. Retrib. fixas	Imp. Seg Social
81	Diplomado/a en Traballo Social	1	6 meses 2022	20.439,53	5.387,34
			3 meses 2023	10.475,26	2.761,01
			9 meses	<b>30.914,79 €</b>	<b>8.148,35 €</b>

O custo dos referidos nomeamentos imputarase a aplicación orzamentaria 920.0.140.0000 do orzamento do exercicio 2022 no que respecta a retribucións por importe de 20.439,53 € e por importe de 10.142,16 € para o 2023 e a aplicación orzamentaria 920.0.160.0099 no que respecta aos custes da seguridade social para o ano 2022 por importe de 5.387,34 € e para o 2023 por importe de 2.747,54 €.

Indícase que para o cálculo dos importes do 2023 aplicouse un incremento do 2,5%.

Todo elo consonte aos informes e proposta de acordo emitidos na tramitación administrativa do expediente electrónico nº 40093/220 obxecto de aprobación.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionaria interina por acumulación de tarefas, nos termos e condicións do establecido no apartado primeiro do presente acordo, a:

NÚM. ORDE	DNI**	NOME E APELIDOS
1	***9896**	E. Decabo Quintela

de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, á vista dos datos proporcionados polo programa informático existente para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

**TERCEIRO:** Dispoñer que a xornada laboral do efectivo nomeado desenvolverase no horario establecido pola Xefatura da Área ou Servizo, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes.

**CUARTO:** Notificar o presente acordo á aspirante nomeada, Xefatura do Servizo de Igualdade, Concellería delegada de Igualdade, Intervención Xeral Municipal, inspección de persoal, persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao Comité de Persoal aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

**ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.





## Concello de Vigo

### **7(587).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVIZOS PARA A ORGANIZACIÓN E PRESTACIÓN DE ACTIVIDADES DE VERÁN NOS MESES DE AGOSTO E SETEMBRO, “PROGRAMA VERÁN XOVE 2022 .EXPTE. 9516/336.**

Visto o informe xurídico e máis o informe de fiscalización do 07/07/2022, dáse conta do informe-proposta do 07/07/2022, asinado pola xefa do Servizo de Xuventude, polo concelleiro delegado de área e polo concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 8 de xuño de 2022 o servizo de Contratación propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, *declarar deserto o procedemento aberto dos servizos de programación e execución das actividades de verán 2022 (expediente 9486-336) por non terse presentado ningunha proposición.*

*Unha vez coñecida esta situación dende a Concelleira de Xuventude iníciase un expediente 9489-336 de tramitación urxente dun procedemento aberto de servizos para a organización e prestación de actividades de verán nos meses de xuño e xullo do presente ano, xustificándose a necesidade e idoneidade, quedando pendente de contratación as actividades dos meses de agosto e setembro.*

*Con data 27 de xuño, iníciase o expediente 9516-336 para a contratación da xestión de 465 prazas para os meses de agosto e setembro, a maiores das xa contratadas ( expedientes 8752-336 e 8814-336 e 9498-336) de campamentos de verán, dirixidos a nenos/as de 4 a 12 anos de idade cuxa finalidade é a conciliación da vida laboral e familiar, a realización actividades de prevención ambiental e comunitaria, o fomento de la participación infantil-xuvenil, a oferta de alternativas de ocio e tempo libre, a promoción de valores, actitudes e comportamentos que favorezan o seu desenvolvemento integral, a través da realización de diferentes obradoiros e actividades nos meses de vacacións de verán.*

*Incorpóranse ao citado expediente a memoria xustificativa así como o prego de condicións técnicas e memoria económica.*

*Constitúe obxecto deste contrato a , programación e execución de 465 prazas prazas para os meses de agosto e setembro de actividades de educación non formal, de carácter cultural, deportivas, de tempo libre, ambientais e outras que poidan estar vinculadas á temática de actividades vacacionais.*

*O procedemento a empregar na contratación do servizo será o aberto con criterios avaliáveis a través de fórmula e a tramitación urxente con división en lotes.*

*Para a execución deste contrato establece os seguintes LOTES:*

*LOTE 1:VERÁN EN SAMIL.- 22/08-02/09 . 50 participantes.*

*LOTE 2:VERÁN EN ALCABRE.- 22/08-02/09 . 50 participantes.*

*LOTE 3: LUDOTECA EN VIGOZOO.- 01-05/08 ,22-26/08. 2 quendas 30 = 60 participantes.*

LOTE 4: VERÁN EN NAVIA. 22/08-02/09. 55 participantes.  
LOTE 5 : CAMPAMENTO URBANO. 01-12/08. 250 participantes

-ORZAMENTO BASE LICITACIÓN: 55.533,76 euros  
-VALOR ESTIMADO DO CONTRATO: 50.485,22 euros  
-ANUALIDADE CON IVE ANO 2022: : 55.533,76 euros  
-IMPORTE DO IVE : 5.048,53 €  
-PARTIDA ORZAMENTARIA: O importe para a presente licitación poderá tramitarse con cargo ás aplicación orzamentarias do orzamento municipal:

-3370.227.99.12 "Campamentos de Verán"

-3370 226.09.01 " Formación e Ocupación do tempo libre", por incluír dentro do obxecto deste contrato actividades de educación non formal e de tempo libre, sendo á súa vez un obxectivo xeral de todo o programa o facilitar unha alternativa lúdica e formativa, de lecer e tempo libre.

O importe do contrato correspondente aos LOTES 1,2,3,4 e 5 é de 55.533,76 € dos cales:

-8.584,77 € serán con cargo a REM 2021 227.99.12.

-4.800,00 € con cargo REM 2021 226.09.01.

-42.148,99 € con cargo 3370. 227.99.12 do orzamento corrente e a súa bolsa de vinculación.

O expediente será preceptivo que sexa informado favorablemente polo Servizo de Asesoría Xurídica do Concello.

**Por todo elo , propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:**

1º.-Autorizar a tramitación URXENTE do expediente de contratación de servizos para a organización e prestación de actividades de verán nos meses de agosto e setembro, pendente de contratar e que forma parte do programa Verán Xove 2022 ( 9488-336).

2º.- Autorizar o gasto de 55.533,76 euros , correspondente ao valor total do contrato de Servizos para a organización e prestación de actividades de verán nos meses de agosto e setembro de 2022 , e para todo o período do contrato, no que se inclúen todos os conceptos relacionados no artigo 101 da LCSP, así como os custes laborais, para a contratación da xestión do proxecto de organización e prestación de servizos para un total de 465 prazas de actividades de verán 2022.

O orzamento para o ano 2022 será de 55.533,76 euros , que se imputará á partida orzamentaria 3370.227.99.12 "Campamentos de Verán" e 3370 226.09.01 " Formación e Ocupación do tempo libre", por incluír dentro do obxecto deste contrato actividades de educación non formal e de tempo libre,



## Concello de Vigo

sendo á súa vez un obxectivo xeral de todo o programa o facilitar unha alternativa lúdica e formativa, de lecer e tempo libre.

O importe do contrato correspondente aos LOTES 1,2,3,4 e 5 é de 55.533,76 € dos cales:

-8.584,77 € serán con cargo a REM 2021 227.99.12.

-4.800,00 € con cargo REM 2021 226.09.01.

42.148,99 € con cargo 3370. 227.99.12 do orzamento corrente e a súa bolsa de vinculación coa seguinte distribución orzamentaria nos seguintes LOTES:

LOTES	PREZO SEN IVE	IVE	PREZO CON IVE
LO LOTE 1	7.074,09 €	10% IVE	7.781,50 €
LO LOTE 2	7.074,09 €	10% IVE	7.781,50 €
LO LOTE 3	5.558,63 €	10% IVE	6.114,50 €
LO LOTE 4	5.922,72 €	10% IVE	6.515,00 €
LO LOTE 5	24.855,69 €	10% IVE	27.341,26 €

IMPORTE TOTAL 5 LOTES=55.533,76 €

IMPORTE CORRESPONDENTE AO IVE= 5.048,53 €

IMPORTE TOTAL 5 LOTES=50.485,23 euros, + 5.048,53 IVE =55.533,76 euros

3º.- Aprobar o expediente de contratación que contén o prego de cláusulas administrativas particulares asinado en data 7 de xullo para a contratación de servizos para a organización e prestación de actividades de verán nos meses de agosto e setembro para un total de 465 prazas , así como o prego de prescricións técnicas para a prestación do servizo de data 28 de xuño.

4º.- Acordar a apertura do procedemento urgente de licitación para a selección de contratista/s na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás catorce horas e cincuenta e un minutos. Como secretaria dou fe.

JRB/rs-me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez